

MEU XORNAL

de Relixión

Algunhas curiosidades sobre...

O Papa

A palabra *Papa* provén das iniciais de Pedro, Apóstolo, Pontífice e Augusto. Este título adoptouno o Papa Urbano II en 1098.

Desde o ano 1556, os Papas visten con túnicas brancas, que é o hábito da orde dos dominicanos. Antes vestían de cor púrpura.

Este artigo:



Gústame



Non me gusta



O Papa vive na Cidade do Vaticano, que é o Estado máis pequeno do mundo. Ten a súa propia bandeira e a súa lingua oficial é o latín.

O Papa Francisco é o Papa número 266. O seu nome é Jorge Bergoglio e naceu en Arxentina en 1936. É o primeiro Papa latinoamericano. É unha persoa sinxela; a palabra que máis repite é humildade.

Navega e investiga
na web




En www.icanstate.va/.../vaticanstate/es descubrirás máis curiosidades sobre o Papa e o Estado do Vaticano.

VALORES HUMANOS E CRISTIÁNS

Perdoar

Perdoar é un feito do que Deus nos pide. Consiste en reconciliarse con Deus, coa persoa coa que se estaba enfadado e cun mesmo.

- 1 Completa as citas no teu caderno e contesta as preguntas.



- a) Evanxeo de San Mateo 6, 14: «Se perdoades aos _____ as súas ofensas, tamén vos perdoará o voso _____ celestial».

Que di Xesús que sucede cando perdoamos os demais?

- b) Evanxeo de San Xoán 20, 22-23: Recibide o Espírito _____; aos que lles perdoedes os _____, quédanlles perdoados; aos que llos reteñades, quédanlles retidos».

Que misión lles encargou Xesús aos seus apóstolos?

- c) Primeira Carta de San Xoán 1, 9: «Se _____ os nosos pecados, El, que é fiel e _____, perdoaranos os pecados e limparanos de toda inxustiza».

Quen perdoa os pecados?

- 2 Pensa nunha persoa coa que te portases mal e escíbelle unha carta para pedirlle perdón (dille por que estás arrepenido, promételle non volvelo facer...). Adórnaa con debuxos.

